



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Carlos Aymerich Cano, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa ás previsións de corrección da toponimia deturpada que figura na sinalización viaria da estrada AC-550, que vai de Cee a Muros.

Na estrada AC-550 de Cee-Muros (de titularidade autonómica, da Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes) figuran os topónimos deturpados “Finisterre” e “Noya” (sic) na sinalización instalada.

É evidente que a referida sinalización conculca o establecido na Lei de Normalización Lingüística no relativo á toponimia. Cumpre, pois, que se adopten as medidas precisas para a substitución dos topónimos deturpados polos correctos e legais.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Ten previsto a Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes substituír a sinalización viaria coa toponimia deturpada a fin de restituír a orixinalidade galega dos topónimos “Fisterra” e “Noia” na estrada AC-550?


2.^a) En caso positivo, en que prazo se efectivizará?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2008.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Carlos Aymerich Cano

Deputados do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2008 18:19
Nº Rexistro: 33736

Data envío: 20/11/2008 18:19:54.043

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 20/11/2008 18:09:34

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 20/11/2008 18:09:43